

Os Camiños de
Santiago en Galicia

Ruta do mar de Arousa e río Ulla





Textos
Francisco Singul

Coordinación
Ana B. Freire
Rosa García

Documentación:
albergues e servizos
Pilar Cuíña
Rosa Fernández
Ana B. Freire
Rosa García
Coroni Rubio

Fotografía
Arquivo da S.A. de Xestión
do Plan Xacobeo
Tono Arias
Asesoría técnica
Dpto. de Arquitectura da
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

Revisión
Dori Abuín
Carla Fernández-Refoxo
Carmo Iglesias
Alfonso Salgueiro

Tradución
Interlingua Traducións S.L.
Sara González Carbón

Deseño e maquetación
Permuy Asociados

Impresión
Gráficas LASA, S.L.

D.L.: C-2099-06

A ruta do mar de Arousa e do río Ulla

Esta ruta marítimo-fluvial pola ría de Arousa e o río Ulla conmemora a chegada a Galicia, por mar, do corpo do apóstolo Santiago o Maior, tras o seu martirio en Xerusalén no ano 44. Santiago foi mariñeiro e pescador de Galilea, apóstolo de Cristo, evangelizador de Occidente e protomártir do Colexio Apostólico. Para coñecermos o episodio da súa morte, ordenada por Herodes Agripa no ano 44, convén citar o relato bíblico dos Feitos dos Apóstolos (12, 1-2), escrito en Roma por san Lucas: “ Por ese tempo, o rei Herodes botou man dalgúns membros da Igrexa para os maltratar. Mandou matar coa espada a Santiago, o irmán de Xoán”.

Antigas tradicións cristiás, reforzadas por textos medievais, aseguran que, tras o martirio, algúns discípulos de Santiago recolleron o seu corpo decapitado, amortallárono e trasladárono á costa palestina. No porto de Haffa un barco mercante –“A Barca de Pedra”– trasladouno, a través de todo o Mediterráneo e da costa atlántica ibérica, ata os confíns de Occidente, onde predicara o Evanxeo. A tradición sobre a célebre “barca de pedra” que traslada os restos apostólicos de Haffa (Palestina) a Iria Flavia, en terras galegas, pódese entender se cadra como unha das naves que transportaban minerais dende Galicia ata outros lugares do Imperio romano.

*Vista panorámica
das Torres de Oeste. Catoira*



Escena da *Translatio*.
Detalle da Fonte do Carme.
Padrón

Seguindo esta antiga ruta marítima, ben coñecida en época romana, a nave que transportaba o corpo de Santiago penetrou pola ría de Arousa e remontou o río Ulla, pasando polos establecementos romanos de *Turris Augusti* (Torres de Oeste, Catoira) e Pontecesures. Seguindo río arriba, a nave chegou a Padrón, porto fluvial da cidade romana de Iria Flavia.

O texto máis importante que narra a *Translatio* do corpo apostólico dende Haffa a Iria e dende alí ó seu lugar de soterramento, en Compostela, é o célebre *Liber Sancti Jacobi*, “Códice Calixtino”, Libro II, capítulo 1, escrito na primeira metade do século XII. Polas tradicións orais e os textos medievais que recolleron o acontecemento, sabemos que, despois dunha longa viaxe, iniciada no extremo oriental do Mediterráneo e rematada no occidente do mundo coñecido, Santiago volvíase atopar definitivamente coa terra onde espallara o legado evanxélico.

Os dous discípulos que acompañaron o corpo de Santiago ata Galicia, Teodoro e Atanasio, tiveron que andar ben agudos ó se enfrontaren coa teimosía da raíña Lupa e a furia dos romanos acantoados na cidade de *Dugium* (preto de Fisterra).



Procesión marítimo-fluvial
de Arousa-Ulla

Tras varias vicisitudes, venceron todos os perigos e lograron un lugar digno que servise de enterramento ó seu mestre. O sitio elixido para o sepulcro xacobeo, localizado nas inmediacións dunha encrucillada de camiños onde había un pequeno asentamento romano, quedou cuberto durante séculos polas silvas do bosque Libredón.

O silencio dos séculos pousouse sobre a tumba xacobeá, ata que, cara ó ano 820, o monxe eremita Paio e o bispo de Iria Teodomiro descubren o valioso sepulcro e, coa axuda de Afonso II o Casto, primeiro rei peregrino, reorganizan o culto a Santiago o Maior.

A conmemoración anual da *Translatio* a través da ría de Arousa, promovida pola Fundación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla, realízase a finais de xullo ou principios de agosto, co apoio do Xacobeo (Xunta de Galicia), autoridades da Mariña, parroquia de Santiago de Padrón, e armadores e pescadores da zona. Consiste nunha vistosa procesión marítimo-fluvial con varias embarcacións engalanadas e con gran participación de público, procedente de varios portos da ría de Arousa e con destino a Pontecureses e Padrón.



Un dos múltiples cruceiros
que van marcando este
itinerario xacobeo



Itinerario xacobeo do mar de Arousa e río Ulla


As costas da ría de Arousa son variadas en paisaxes e ricas en patrimonio histórico; en ambas ribeiras débúllase unha sucesión de praias, cabos, calas e enseadas, onde se engastan vilas industriais, mariñeiras e aldeas vitivinícolas e gandeiras, en sincera harmonía coa contorna natural.

O amplo abano gastronómico e a benignidade do clima da ría favorecen o seu atractivo.

A ribeira norte, dominada pola serra do Barbanza, pertence á provincia da Coruña, mentres que a meridional, máis chá e con ríos máis caudalosos (Umia e Con), é pontevedresa.

Dornas na Illa de Arousa





Mariscadores.
Illa de Arousa

Este itinerario marítimo comeza á entrada da ría de Arousa, deixando a estribor as illas de **Onza e Ons**, fronte á ría de Pontevedra e ás costas de Sanxenxo. A natureza de Ons está protexida dende que a illa foi declarada espazo natural; pódese acceder a ela dende **Sanxenxo**, localidade que se distingue pola beleza propia de cada recuncho da

ría e polo seu populoso veraneo. Sanxenxo posúe tamén un valioso conxunto histórico tardorromano e medieval como o da **Lanzada**, formado por unha necrópole, unha torre de vixilancia costeira e a capela románica da Nosa Señora da Lanzada (s. XIII).

Á entrada de Arousa albíscase a recortada liña de costa da **illa de Sálvora** (15 km²), a poucas millas de Cabo Falcoeiro (Ribeira). Durante moito tempo a illa de Sálvora estivo ligada ós donos da Torre de Goiáns (Lampón, Boiro), que tomaron a iniciativa de repoboala. Anos máis tarde, en 1770, instalouse nesta illa unha das primeiras factorías de salgadura de peixe, inactiva na actualidade. Nos nosos días é propiedade dos marqueses de Revilla e atópase deshabitada.

Dolmen de Axeitos.
Ribeira





As terras de Ribeira e A Pobra sitúanse na zona máis occidental da península do Barbanza. **Ribeira** estivo poboada dende a máis remota antigüidade, como testemuñan os restos megalíticos (dolmen de Axeitos) e castrexos (A Cidá) que conserva o seu municipio. Na alta Idade Media, época do inicio do santuario compostelán e da cidade do Apóstolo (ss. IX-X), as poboacións costeiras de Ribeira e A Pobra sufriron o periódico asedio de piratas viquingos chegados en sucesivas veces á ría de Arousa.



Porto de Ribeira

A vila da **Pobra do Caramiñal**, unha das mellor conservadas da ría, posúe un cuantioso tesouro histórico-artístico representado por igrexas e pazos de enorme interese histórico: a Torre de Xunqueiras, gran pazo-castelo baixomedieval (s. XV); a Torre Bermúdez, edificio renacentista (s. XVI) rehabilitado para albergar a biblioteca pública e o Museo Valle-Inclán; a Casa Grande de Aguiar (s. XVIII); o Pazo de Cotón (1717) e as igrexas de Santa María a Antiga do Caramiñal (s. XVI) e Santiago da Pobra do Deán, templo gótico do século XV.

*Torre de Xunqueiras.
A Pobra do Caramiñal*






Como a navegación para acceder á ría de Arousa non é de todo sinxela (hai numerosos baixos e as bateas forman, en ocasións, barreiras infranqueables), a ruta marítima máis segura é a que segue a chamada *Canle Principal*, entre a illa de Sálvora e a península do Grove. Esta canle ten como referencia o faro de Sálvora e a illa de Pombeiro, no extremo sudoeste do Grove.

Prosegue esta singradura xacobeá dobrando por estribor a punta de San Vicente (O Grove) e entrando na parte máis largacía da ría, especie de mar interior de 330 km². A súa costa meridional é a máis recortada. A península do **Grove** e a illa da **Toxa** conforman un dos conxuntos turísticos máis coñecidos da ría.

Tocante ó seu pasado histórico, existiu en **Adro Vello**, na praia do Carreiro, unha vila romana costeira que perviviu ata o século IV. Este enclave gozou dunha longa vida durante toda a Idade Media, xa que se construíu unha igrexa no século VII e ordenouse en torno a ela un cemiterio con continuidade ata o século XVIII. En tan salientable centro arqueolóxico atopouse unha moeda (medio diñeiro de vellón) da ceca compostelá, correspondente ó reinado de Fernando II de León (1157-1188); no seu reverso mostra a representación iconográfica máis antiga da Translación do corpo

Ponte da Toxa. O Grove





de Santiago o Maior: o corpo xacente do apóstolo, acompañado polos seus dous discípulos, Teodoro e Atanasio, descansa no interior dunha nave cun mastro que remata nunha cruz patada.

Esta peregrinación marítima tamén merece un descanso nas ricas terras vitícolas de Meaño e Cambados, igualmente ricas en edificios históricos. En **Meaño**, por exemplo, salienta a igrexa parroquial de Simes, que conserva restos románicos valiosos, como a portada e os canzorros do beiril do tellado. En canto á veciña vila de **Cambados**, formada polos núcleos históricos de Cambados, Fefiñáns e Santo Tomé do Mar, cómpre destacar a gran cantidade de patrimonio histórico-artístico que atesoura.


Se cadra o máis sorprendente de Cambados é a praza vizcondal de **Fefiñáns**, un magnífico conxunto urbano do século XVII formado por un gran pazo urbano, un casarío de vivendas e o templo parroquial de San Bieito. A Igrexa de San Bieito de Fefiñáns conserva o seu espazo presbiteral do século XVI, cuberto cunha gran bóveda estrelada do Renacemento galego; a nave e os exteriores refixéronse en 1778.

Cambados, ademais da Casa-Museo do poeta Ramón Cabanillas, é rica en pazos dos séculos XVII-XVIII, como o de Ulloa, o de Bazán (Parador Nacional) ou o de Montesacro. Tamén conta a vila con templos de gran beleza artística, como Santa Mariña Dozo (1530), que forma parte do cemiterio da vila como ruína románica de enorme encanto, ou a igrexa parroquial, antigo templo conventual de San Francisco, construído na segunda metade do século XVI.

Esquerda:
Pazo de Ulloa. Cambados

Dereita:
Santa Mariña Dozo.
Cambados

Abaixo:
Pazo de Fefiñáns.
Cambados





O itinerario marítimo prosegue cara ó nordés, pasando entre as ribeiras dos municipios da Pobra do Caramiñal e da **Illa de Arousa**. Esta última está situada no medio do mar de Arousa; cos seus 12,5 km² é a maior das illas da ría, mostrando unha costa moi recortada, rochosa e baixa, pródiga en pequenas calas e praias ben abeiradas. O seu forte potencial ecolóxico está ben protexido no parque natural do Carreirón.

O pasado medieval da illa está ligado á mitra de Santiago.

En 912 (época do bispo Sisnando de Iria-Compostela) a illa pertencía á igrexa compostelá. O rei Afonso IV fundou nela, en 929, un mosteiro baixo a advocación de San Xián. Na primeira metade do século XII (época do arcebispo Gelmírez) sufriu os frecuentes ataques dos piratas almorábides.

Os habitantes da Illa de Arousa, igual cós das veciñas ribeiras da ría, estiveron dedicados dende antigo á pesca do congro e do polbo. En 1845 instálanse na illa as fábricas de salgadura de peixe. Unha ponte nova (1985) únea coa veciña costa sur da ría; en concreto, co municipio de **Vilanova de Arousa**, berce de Valle-Inclán e dos irmáns Camba. Vilanova é terra fidalga e, daquela, rica en pazos. Demóstrano as torres de Caleiro, o pazo de Baión, o pazo de Ruanova e o pazo de Cuadrante, casa natal de Valle-Inclán, situado no centro do casco histórico da vila.





*Adegas Gran Bazán.
Vilanova de Arousa*

O itinerario marítimo de Arousa retómase, unha vez dobrada a Punta do Cabalo (A Illa) e deixando atrás a praia das Sinas (Vilanova), cunha derrota nor-noroeste, deixando Vilagarcía de Arousa a estribor e a veciña costa setentrional de Boiro e Rianxo a babor. Neste punto a ruta alcanzou xa o centro da ría e encamiñase cara á desembocadura do Ulla, rozando as ribeiras do arquipélago das **Malveiras** e **Cortegada**. Nunha das Illas Malveiras atópase o primeiro dos dezasete cruceiros que van marcando este itinerario xacobeo ata Pontecesures e que foron doados por particulares e diversas entidades tanto civís coma relixiosas. A Cortegada pódese acceder a pé, dende a vila de Santiago de Carril, con marea baixa. A superficie desta illa, de 2,5 km², aparece cuberta por unha gran masa forestal de piñeiros, carballos e loureiros. Na Punta do Corveiro, ó norte da illa, levántase o segundo dos cruceiros da ruta marítimo-fluvial.

*Mariscadoras
en Carril*





Vilagarcía, “Perla de Arousa”, é unha vila fundada a mediados do século XV nunha pequena enseada dominada polos montes Xiabre e Lobeira; neste último había unha gran fortaleza medieval que tivo gran protagonismo na época de Gelmírez, ó se servir dela a raíña dona Urraca en varias ocasións.

O patrimonio medieval máis sobranceiro do municipio de Vilagarcía encóntrase na igrexa de **San Martiño de Sobrán** (Vilaxoán), obra románica da segunda metade do século XII. Foi o templo mosteiral ata finais do século XIV, cando pasou a depender de Paio Gómez de Sotomaior, embaixador de Henrique III na corte de Tamerlán (Samarcanda, Uzbekistán); o templo é de nave única e ábsida semicircular; posúe unha



Porto deportivo de Vilagarcía

fermosa fachada, organizada verticalmente con portada de arquivoltas, fiestra e óculo; dúas portas laterais, fiestras con escultóricas molduras (algunha polilobulada), escultura de canzorros e sepulcros señoriais da familia Sotomaioir no interior. Dos séculos XVI-XVII é a igrexa de **Santiago de Carril**, situada na coñecida localidade marisqueira, fronte á illa de Cortegada, mentres que a maior parte do patrimonio barroco de Vilagarcía se atopa no conxunto pazo-convento de Vista Alegre (mediados do século XVII), fundado polo arcebispo de Santiago, e natural da vila, don Fernando de Andrade y Sotomayor (1645-1655) e na propia parroquia de Santa Eulalia de Arealonga, construída a finais do XVII, coas súas capelas de San Miguel (1680) e do Rosario (1690).



Na outra ribeira de Arousa, en **Boiro** e Rianxo, tamén hai mostras excepcionais que complementan a variada riqueza histórica desta parte media da ría. O **Castro de Neixón**, situado en Boiro e asomado á enseada de Rianxo, é un dos principais xacementos arqueolóxicos prerromanos arousáns. Os seus habitantes de mediados do século I xa estarían afeitos ó tráfico marítimo das naves romanas. Unha delas podería ser a “Barca de Pedra” que transportou os restos do apóstolo. O municipio de Boiro conta con igrexas románicas (Cespón e Abanqueiro), cruceiros e pazos de interese, como as Torres de Goián, o pazo de Fonteneixón e o de Agüero.

En **Rianxo** tamén se prodigaron os asentamentos castrexos, cunha cultura material que fecundou o seu chan de modo tan significativo como para deixar para a posteridade testemuños tan excepcionais como o célebre casco de Leiro, peza de ourivería en ouro do século VI a.C. (Museo do Castelo de San Antón, A Coruña), ou os poboados do Castriño e As Cercas. Rianxo posúe o encanto característico das terras de Arousa, mestura de campo e de mar, de agricultura e pesca, e contribuíu coma ningunha outra ás letras galegas e á cultura do país, posto que nela naceu Castelao. Do seu patrimonio histórico-artístico salientan a igrexa de Santa Comba (s. XVI), a igrexa de Santa María de Leiro (s. XVII) e o santuario barroco da Virxe de Guadalupe, fundado en 1671 na propia parroquia de Rianxo.

Unha vez superada por estribor a vilagarcía Punta Grandoirá, esta peculiar singradura pon rumbo á Punta do Patiño (Rianxo), xa na desembocadura do Ulla, onde se sitúa un calvario pétreo doado pola vila de Rianxo. Deixando atrás **Bamio** (Vilagarcía) e os seus petroglifos da Idade de Bronce, polo costado de estribor enxérganse xa as terras de **Catoira**, defendidas ardorosamente na Idade Media polas célebres Torres de Oeste. A orixe deste enclave histórico



remóntase a un pequeno poboado castrexo (ss. I-II a. C.), transformado en porto comercial durante a época romana (ss. I-II d.C.). Neste porto de tempos do emperador Augusto é posible que fixese unha pausa a nave apostólica antes da súa recalada en Padrón. A primeira fortaleza de Oeste levantouse no século IX para defensa de Iria Flavia e Santiago. Os bispos de Iria-Compostela e os reis de Asturias preocupáronse pola defensa do santuario xacobeo e das poboacións costeiras, ante a furia viquinga que atacou sucesivas veces. Restos desta época son os muros das dúas torres que quedan en pé, construídas con cachotería pétrea e as esquinas reforzadas con perpiaños, e a cruz-emblema do rei Afonso III o Magno, labrada en pedra para unha das portas do recinto (Museo de Pontevedra).

En época de Diego Gelmírez (1100-1140), o castelo de Oeste cobrou unha importancia aínda maior, ó ser a fortaleza da mitra onde gustaba refuxiarse o arcebispo en días adversos. Debido á súa importancia estratéxica, as Torres de Oeste eran consideradas como a "chave e selo de Galicia", tal como as denomina a *Historia Compostelana*. De época xelmiriana consérvase a capela do castelo, sinxela construción de nave única e ábsida semicircular dedicada ó apóstolo Santiago. Nas inmediacións das Torres de Oeste estaban os estaleiros e a pequena flota de guerra (a primeira da España cristiá) que Gelmírez armou contra os piratas almorábides.



Torres de Oeste. Catoira




Deixando atrás as ribeiras de Catoira e de Rianxo, o itinerario emboca decididamente o curso do río Ulla, mantendo o seu rumbo definitivo: Pontecesures e o antigo porto fluvial de Iria Flavia, en Padrón. Despois de escasos minutos de navegación fluvial aparecen, a ambas marxes do río, as feraces terras de Valga e Dodro. A babor, as brañas de Laiño e as veigas de Lestrove. **Valga** posúe un apreciable conxunto de igrexas románicas do século XII, como a de Xanza (con reformas dos séculos XVII-XVIII), Campaña e Cordeiro. Nas proximidades da capela dos Martores (posible derivación popular de “mártires”) existe unha necrópole tardorromana e altomedieval onde se especula que puidesen estar sepultados Prisciliano e os seus discípulos, corpos que foron trasladados a Galicia dende Tréveris (Alemaña).

Confluencia dos ríos Sar e Ulla. Padrón



Dodro pola súa banda, posúe a interesante igrexa parroquial barroca de Santa María, construída en 1719 polo arquitecto compostelán Simón Rodríguez, seguindo o seu estilo “de placas”. Anos despois de construír esta obra de mocidade, Simón Rodríguez recibiu o encargo de proxectar o retablo maior en 1739, realizando unha obra madura no seu estilo, rico en masas xeométricas recortadas e fragmentadas e en



profusa
decoración
miúda. Dodro
tamén é terra de
pazos, coma o de Hermida
(s. XVII) e o de Lestrove (s. XVIII),
residencia de verán dos arcebispos
composteláns.

Servindo de límite entre os municipios de Dodro e Padrón, transcorre o **río Sar**, afluente do Ulla. Enfilou a súa desembocadura “A Barca de Pedra”, levando o prezado cargamento do corpo de Santiago ó seu destino: **Padrón**. Na actualidade, a realización de modernas canalizacións no Sar, realizadas para evitar as perigosas inundacións anuais que asolagaban a vila en inverno, impiden que calquera embarcación siga o ronsel da nave apostólica. Por tal motivo, a ruta marítima do mar de Arousa e río Ulla termina en **Pontecesures**; a súa estratéxica situación, próxima á cidade romana de Iria, determinou a construción dunha gran ponte de pedra no século I, reconstruída no século XII e moi reformada no século XIX e despois en 1911. Unha ponte, en definitiva, que serviu durante moitas centurias ás comunicacións terrestres.

*O río Sar
ao seu paso por Padrón*

Do pasado medieval de Pontecesures e da súa vinculación co señorío compostelán son proba os significativos restos románicos da igrexa de San Xián de Requeixo, fundada por Diego Gelmírez en 1116. A partir de Pontecesures haberá que continuar a peregrinación por terra ata Padrón, Iria Flavia, Teo e Compostela, empregando para iso o derradeiro tramo do Camiño Portugués.

*Peregrinos descendendo
as escaleiras do
santuário da Escravidude*

*O Pedrón.
Igrexa de Santiago
de Padrón*



A vila de **Padrón**

conta cun sólido patrimonio histórico-artístico, intimamente vencellado á tradición xacobeá. A igrexa de Santiago é de sobrio estilo clásico academicista e substitúe á medieval fundada por Gelmírez en 1133 e refundada por Rodrigo de Luna e Alonso II de Fonseca na segunda metade do século XV. O templo conserva o epígrafe fundacional da igrexa xelmiriana (1133), un fermoso púlpito tardogótico coa representación en relevo de Santiago Peregrino e as armas do arcebispo Fonseca, e o célebre “pedrón”, unha antiga ara romana dedicada a Neptuno na que, segundo a tradición xacobeá, amarraron a súa nave os discípulos do apóstolo. En rigor, trátase dunha ara romana, posiblemente reutilizada como pedestal de altar na primitiva igrexa de Santiago, erguida en tempos de Teodomiro (s. IX), o bispo descubridor do sepulcro xacobeo. Ó pé da vila álzase, ademais, o promontorio de **Santiaguíño do Monte**, hoxe conservado como espazo natural no que, segundo a tradición, predicou Santiago o Maior.



A partir de Padrón a ruta segue o trazado do Camiño Portugués, pasando primeiro pola localidade de **Iria Flavia**, berce do escritor Camilo José Cela, Premio Nobel de Literatura, e sede da súa fundación. O principal testemuño histórico, non obstante, é a fermosa Colexiata de Iria Flavia, construída no século XVII, conservando a portada medieval co tímpano gótico da Epifanía e o sepulcro do arcebispo Rodrigo de Luna (1452-1460) no presbiterio. Despois continúaase camiñando en dirección ó santuario barroco da Nosa Señora da Escravitude, crúzanse varios núcleos etnográficos do municipio de **Teo**, engastados en mestas fragas, ata rozar o Castro Lupario e chegar ó célebre cruceiro gótico de Calo (s. XV), un dos máis antigos de Galicia, case ás portas de Compostela, meta de todos os camiños da peregrinación occidental. O itinerario urbano desta ruta na cidade de Santiago coincide co do Camiño Portugués.

Fundación Camilo José Cela.
Iria Flavia



A cidade histórica



Pazo de Raxoi
Botafumeiro

Unha vez que se visitou a catedral compostelá, punto de chegada e encontro dos peregrinos, a cidade de Santiago ofrécesele ó visitante con todo o seu esplendor histórico, en toda a súa diversidade e dinamismo presentes.

A actual cidade de Santiago de Compostela nace como un pequeno núcleo de monxes custodios ó redor do sepulcro do Apóstolo no momento do seu descubrimento, contra o ano 820. O desenvolvemento da cidade na Idade Media é espectacular, grazas ó auxe europeo das peregrinacións, que a converte, con Xerusalén e Roma, nun dos tres grandes centros da Cristiandade.

Dende o século XV ó XIX a cidade alterna momentos de dinamismo e de certa decadencia, seguindo os vaivéns da historia galega, española e europea. As peregrinacións perden peso, mais Santiago consolídase como centro cultural coa creación da Universidade, e mantén a súa influencia relixiosa, o que se reflicte na súa renovación urbana renacentista e barroca, tan presente e palpitante nos máis sobranceiros edificios históricos da cidade.


Na catedral

A catedral de Santiago empezouse a construír no 1075; é un dos grandes monumentos europeos, tanto a nivel artístico, como simbólico. Dende a súa orixe románica, evolucionou a través dos máis diversos estilos, especialmente o barroco, que acadou a súa cima na fachada do Obradoiro (1738-1750). Percorrendo as súas naves e **Museo** é posible acceder a un patrimonio tan singular como diversificado nos seus contidos e significados.

Durante a visita ó conxunto catedralicio, o peregrino adoita cumprir cun ritual que o levará ó camarín do altar maior para darlle a tradicional “aperta” ó apóstolo Santiago –unha escultura de orixe románica– e visitar deseguido a cripta na

que se conservan os seus restos. A visita ó Pórtico da Gloria tamén forma parte deste ritual, así como a asistencia á misa do peregrino –12,00 h.– na que é frecuente o funcionamento do **botafumeiro**, grande incensario que co seu “voo” dende o alto da nave do cruceiro sorprende a todos os visitantes.

Tras a estancia na catedral, o peregrino, se dispón das credenciais que xustifican a súa peregrinación a pé, dacadalo ou en bicicleta, pode solicitar na Oficina do Peregrino a **“compostela”**, o documento acreditativo da súa peregrinación, concedido polo Cabido catedralicio. A partir dese momento ábrese ante el, en plenitude, a cidade de Santiago de Compostela.



A cidade actual


Santiago vive dende a segunda metade do século XX un continuado período de expansión. Ó progresivo renacemento das peregrinacións, que manteñen o seu significado espiritual tradicional, engádeselle o singular e imparable atractivo turístico-cultural do Camiño de Santiago.

Nos últimos anos Santiago, capital administrativa da comunidade autónoma galega, dotouse de grandes infraestruturas culturais e turísticas, e consolidou a súa proxección internacional como centro histórico-cultural e europeísta; algo que confirman día a día os milleiros de peregrinos e turistas que, en calquera época do ano, a visitan.


Cidade declarada **Ben Patrimonio da Humanidade** pola UNESCO, quere manter neste novo século a súa milenaria chamada ó espírito, a concordia e o progreso, a través do significado histórico do Camiño de Santiago.



*Cidade da Cultura
Centro Galego de Arte Contemporánea*



- Ruta do mar de Arousa e río Ulla



Plano do casco histórico de Santiago



Servizos



Concellos

Ribeira

Pza. do Concello, s/n
Tf.: 981-835417
Fax: 981-871610
prensa@riveira.com
www.riveira.com

A Pobra do Caramiñal

Gasset, 28
Tf.: 981-830250
Fax: 981-831192
alcaldia@apobra.dicoruna.es

Boiro

Pza. de Galicia, s/n
Tf.: 981-849960
Fax: 981-844008
correo@boiro.org
www.boiro.org

Rianxo

Pza. de Castela, 1
Tf.: 981-860075
Fax: 981-866628
rianxo@arrakis.es
www.rianxo.com

Dodro

Tallós, 32
Tf.: 981-802062
Fax: 981-802142
correo@dodro.dicoruna.es

Sanxenxo

Consistorio, 4
Tf.: 986-720075
Fax: 986-721022
concello@sanxenxo.org
www.sanxenxo.org

O Grove

Pza. do Corgo, s/n
Tf.: 986-730975
Fax: 986-731358
o_grove@fegamp.es
www.turismogrove.com

Cambados

Pza. do Concello, s/n
Tf.: 986-520943
Fax: 986-524866
cambados@concellos.depontevedra.es
www.cambados.es

Meaño

Campo da Feira, 1
Tf.: 986-747102
Fax: 986-747391
meanoxuventude@teleline.es
www.concellodemearno.com

Vilanova de Arousa

Pza. do Concello, 1
Tf.: 986-554082
Fax: 986-554069
ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Illa de Arousa

Palmeira, 25
Tf.: 986-527080
Fax: 986-528700
concello@ailladearousa.es

Vilagarcía de Arousa

Pza. de Ravella, 1
Tf.: 986-565056
Fax: 986-501109
alcaldia@vilagarcia.es
www.vilagarcia.com

Catoira

Rúa do Concello, 6
Tf.: 986-546014
Fax: 986-546217
concello.catoira@eidolocal.es
www.catoira.es

Valga

Avda. Coruña, 14
Tf.: 986-559456
Fax: 986-559455
concello.valga@eidolocal.es
www.valga.org

Pontecesures

Avda. Cidade de Vigo, 2
Tf.: 986-557125
Fax: 986-557554
pontecesures@concellosdepontevedra.es

Padrón

Xeneral Franco, 27
Tf.: 981-810451
Fax: 981-811550
correo@padron.dicoruna.es
www.ayuntamientodepadron.com

Teo

Ramallosa, s/n
Tf.: 981-815700
Fax: 981-809401
correo@teo.dicoruna.es
www.concellodeteo.com

Ames

Pza. do Concello, 2. Bertamiráns
Tf.: 981-883002
Fax: 981-883925
alcaldia@concelloames.org
www.concellodeames.org

Santiago de Compostela

Pza. do Obradoiro, s/n.
Pazo de Raxoi
Tf.: 981-542300
Fax: 981-563864
alcalde@aytocompostela.es
www.santiagodecompostela.org

Urxencias

Urxencias médicas

061

Emerxencias

(de calquera tipo, gratuíto e internacional)

112

Información Xacobeo

Oficina de Información, Santiago

Tf.: 902-33 2010

Rúa do Vilar, 30-32, baixo

informacion.xacobeo@xunta.es

Páxina Web

www.xacobeo.es

Central de reservas de Turismo Rural

Tf.: 902-200432

webrural@xunta.es

Oficinas de Turismo

Ribeira

Avda. do Malecón, 3

Tf.: 981-873007

(só xullo e agosto)

Vilagarcía de Arousa

Xoán Carlos I, 37

Tf.: 986-510144

Pontevedra

Gutiérrez Mellado, 1

Tf.: 986-850814

A Coruña

Dársena da Mariña, s/n

Tf.: 981-221822

Santiago de Compostela

Rúa do Vilar, 30-32, baixo

Tf.: 981-584081

Turgalicia

Tf.: 902-200432

Fax: 981-542510

www.turgalicia.es





Os Camiños de Santiago

O descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago o Maior, a principios do século IX, xerou axiña unha multitudinaria corrente de peregrinación cara á súa localización no que hoxe é a cidade galega de Santiago de Compostela. Esta afluencia acabou formando, dende os máis diversos puntos de Europa, unha densa rede de itinerarios coñecida, no seu conxunto, como o Camiño de Santiago, ou Ruta Xacobeá.

Os momentos de maior apoxeo da peregrinación producíronse nos séculos XI, XII e XIII coa concesión de determinadas indulxencias espirituais. Mais esta corrente mantívose, con maior ou menor intensidade, ó longo dos restantes séculos. Dende a segunda metade do século XX o Camiño de Santiago vive un novo renacer internacional que combina o seu tradicional acervo espiritual e socio-cultural co seu poder de atracción turística e como renovado lugar de encontro aberto a todo tipo de xentes e culturas.

Tradicionalmente, os períodos de maior afluencia de peregrinos e visitantes do Camiño coinciden cos **Anos Santos Composteláns**, que se celebran cada 6, 5, 6 e 11 anos —o vindeiro será no 2010—, pero calquera ano e momento é idóneo para realizar algún itinerario desta ruta e visitar a súa cidade meta, Compostela.



Camiño de Europa

O Camiño de Santiago xerou ó longo dos seus doce séculos de existencia unha extraordinaria vitalidade espiritual, cultural e social. Por mor del naceu a primeira gran rede asistencial de Europa e creáronse mosteiros, catedrais e novos núcleos urbanos.

Grazas ó encontro entre xentes de tan diversa procedencia que esta ruta propiciou, xurdiu unha cultura baseada no intercambio aberto de ideas e correntes artísticas e sociais, así como un dinamismo socioeconómico que favoreceu, sobre todo durante a Idade Media, o desenvolvemento de diversas zonas de Europa. A pegada do Camiño e dos peregrinos a Compostela é recoñecible en infinidade de testemuños públicos e privados, en distintas manifestacións da arte ou, por exemplo, nos máis de mil libros que nas últimas décadas se ocuparon en todo o mundo desta senda, obra e patrimonio de todos os europeos.

As vías principais do Camiño de Santiago foron declaradas **Primeiro Itinerario Cultural Europeo** (1987) polo Consello de Europa, **Ben Patrimonio da Humanidade** pola UNESCO nos seus trazados ó longo de España e Francia (1993 e 1998, respectivamente) e **Premio Príncipe de Asturias da Concordia 2004**, outorgado pola Fundación Príncipe de Asturias.



Galicia, o país de Santiago

A Península Ibérica formaría parte, segundo determinados textos antigos, das terras nas que o apóstolo Santiago predicou o cristianismo. Tras morrer decapitado en Palestina, polo ano 44 d.C., os seus discípulos, conforme á tradición, trasladaron o seu corpo nunha nave a Galicia, unha das terras hispánicas incluídas na súa predicación.

Os difíciles tempos dos primeiros anos do cristianismo e a despoboación de boa parte do norte peninsular levarían ó esquecemento do lugar do enterramento. Con todo, polo ano 820 descóbreanse uns restos que as autoridades eclesiásticas e civís consideraron os de Santiago o Maior. Sucede nunha perdida fraga galega e o acontecemento daría lugar ó nacemento da actual cidade de Santiago de Compostela.

Convertida na atractiva meta dunha peregrinación que levaba ó sepulcro do único apóstolo de Cristo enterrado en terras europeas xunto con San Pedro, en Roma, a Santiago irán chegando, ó longo dos séculos, peregrinos de toda procedencia e polos máis diversos itinerarios.





Camiños xacobeos galegos

Debido á gran diversidade de procedencias dos peregrinos íranse definindo sobre o chan galego seis itinerarios principais de chegada dende toda Europa.

O itinerario que acada unha maior concorrencia e relevancia, tanto socio-económica como artística e cultural, é o denominado Camiño Francés, que entra en España, dende Francia, polos montes Pireneos, e en Galicia polo mítico alto do Cebreiro.

Pero outros cinco itinerarios conseguiron facerse, así mesmo, un lugar na historia das peregrinacións xacobeas.



O Cebreiro. Camiño Francés
Oseira. Camiño do Sueste-Vía da Prata
"Compostela" e credencial

Son os Camiños Primitivo e do Norte, que acadaron sona nos primeiros tempos da peregrinación, con dous trazados principais que entran en Galicia por Asturias, procedentes do País Vasco e Cantabria; o Camiño Inglés, seguido sobre todo polos peregrinos que dende o norte de Europa e as Illas Británicas arribaban a portos como os da Coruña e Ferrol; o Camiño Portugués, que dende o sudoeste de Galicia utilizaban os peregrinos procedentes de Portugal, e o Camiño do Sueste, polo que se dirixían a Santiago os peregrinos que, dende o sur e o centro da Península, seguían a popular Vía da Prata, entre Mérida e Astorga, para continuaren, dende terras ourensás, ata Compostela.



A Coruña. Camiño Inglés



Cabo Fisterra.
Camiño de Fisterra-Muxía

Tamén se consideran itinerarios xacobeos, pola súa simboloxía histórica, outros dous. Son o Camiño de Fisterra-Muxía, utilizado por determinados peregrinos medievais que, despois de venerar a tumba apostólica, se sentían atraídos pola viaxe ata o cabo Fisterra, o extremo occidental da terra naqueles tempos coñecida, e a denominada Ruta do mar de Arousa e río Ulla, que rememora o itinerario polo que, segundo a tradición, chegaron en barco a Galicia os restos mortais do apóstolo (s. I).





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo



xacobeo